

Bases reguladoras para a concesión de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades, e se convocan para o ano 2022 (**MR553A, MR553B e MR550A**).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230125/AnuncioG0426-301222-0005_gl.html

PRAZOS: 26/01/2023 00:00 - 30/11/2023 23:59

MR553B - Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: Período de postautorización á reintrodución. <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR553B>

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2023:

As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nas explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, rexistradas en Galicia, con motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

MR553A - Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: Período de baleiro.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR553A>

Estas axudas constan de dous períodos de tempo na súa tramitación e no seu pagamento:

a) O tempo de baleiro da explotación ou período de corentena (corresponde ao procedemento **MR553A**) é o período de tempo desde o día seguinte á data efectiva do baleiro sanitario ata a data de autorización oficial á incorporación de animais de novo á explotación (data de desinmobilización da explotación).

b) Os tres meses posteriores ao período de baleiro, contados desde o mesmo día en que se autorice oficialmente a reintrodución de animais ou data de desinmobilización da explotación (corresponde ao procedemento **MR553B**).

MR550A - Axudas á reposición de animais.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=550A>

AS EXPLOTACIÓN SOCIAS DE ADSG, COBRARÁN UN 10% MAIS NAS AXUDAS

INFORMACIÓN

Servizo de Gandaría de Lugo Teléfono: 982 29 45 34